

"Desde o punto de vista axeitado, calquera vida pode ser novelada"

Xosé Monteagudo retorna neste 2023 con *Vémonos mañá* (Xerais). Unha novela na que a súa chispa creadora, unha vez máis, volve amosar a súa facilidade para elaborar personaxes -basados en persoas reais o ficticias- cos que o lector poida empatizar desde o seu comezo.



Xosé Monteagudo, autor de 'Vémonos mañá', na Librería Paz. DAVID FREIRE

[A. De Matos Alonso](#)

24/01/23

Entre a realidade dos feitos e a ficción dos seus detalles, Xosé Monteagudo (Moraña, 1965) constrúe a súa propia historia sobre as figuras de Bibiano Fernández e Josefina Arruti. Unha obra que comeza coa proximidade do día no que, cincuenta anos despois, os outrora namorados vanse volver a reunir. Un *Vémonos mañá* que atopa no onte, mais tamén no hoxe, o seu espazo para desenvolver dúas vidas que xa eran de película, pero que agora tamén son de novela.

Fala, ao final do libro, da "chispa" que o leva a elixir as historias.

Ao longo do tempo un vai escoitando ou lendo historias que son moi interesantes, pero como escritor, moitas veces, non sinto a necesidade de poñerme a escribir sobre elas. No caso desta novela, por exemplo, o personaxe de Bibiano resultábaba unha referencia atractiva, pero faltaba algo que me motivara profundamente a escribir unha novela sobre

el. Esa chispa xurdiu cando descubrín a historia de Josefina, a súa dona, que era unha historia en xeral moi descoñecida. Cando dei con ela, decaiteime de que aí realmente había unha novela. Entón, aínda que tardei algún tempo en poñerme a escribila, desde ese momento estaba convencido de que ía a escribir esta obra. Iso é o que se define un pouco como a chispa creativa: algo que, cando xurde, atopa a esencia da novela que queres escribir. É cando sinto esa efervescencia creativa.

Á hora de novelar, marcou algún límite entre realidade e ficción?

Hai feitos esenciais, relevantes nas vidas deles, dos que non podía escapar nin tampouco falsear. Unha vez collida a liña argumental, si que nos pequenos detalles, en determinadas cousas que non son relevantes para a historia pero si para a novela, a obra está moi ficcionalizada. Ao fin e ao cabo, eu constrúo os personaxes a partir deles como realidade. Creo que isto sucede nas novelas que relatan historias baseadas en persoas reais: ficcionalízanse moitas cousas, engádense detalles que os realzan, que dan unha relevancia ao que eles foron. A historia non pode saber moitos dos detalles que rodearon aos seus feitos máis relevantes. Esa é a parte onde entra o traballo do escritor, do novelista.

Hai moita diferenza entre ficcionar unha vida real e unha creada?

Nas miñas novelas sempre trato de poñerme na situación dos personaxes. De ver como reaccionan: que poden pensar, que poden sentir, que poden desexar ante cada momento. Cales poden ser as súas pretensións máis íntimas en cada situación na que se encontran. No caso dunha historia ficticia, un pode desenvolver feitos relevantes conforme ao que lle pide a súa imaxinación. Nesta novela, sen embargo, non podo poñer feitos relevantes que non sucedesen. Se non foran persoas reais, desenvolvería moitos dos acontecementos doutra maneira, pero tiña un fío argumental do que non podía afastarme.

Din que toda vida ben contada é interesante.

Creo que o interese dunha historia está en atopar o punto de vista desde a que contala. Se ti encontras un punto de vista orixinal, suxerente, onde poidas extraer os detalles máis singulares desa realidade, vas a espertar ese interese. Nese sentido, calquera vida pode ser novelada. Incluso unha vida con a priori poucos acontecementos chamativos, se a contas desde un ángulo que lle extraía a esa realidade as súas características máis definitorias, máis particulares, pode resultar moi interesante.

Ao tratarse de personaxeis reais, mudou o seu proceso creativo?

Cando é ficción pura, normalmente, tomo notas sobre esa realidade que quero contar e que non coñezo, cousas ao mellor máis obxectivas, ideas que vou desenvolvendo antes de comezar a escribir. Pero fundamentalmente escribo deixándome levar. Non fago un plan preciso e minucioso. Tampouco na miña cabeza. O que teño é a historia que quero contar, que fío vai a levar e ata onde quero chegar, onde quero que remate. Unhas ideas xerais. Pero logo desenvolvea de forma intuitiva a medida que escribo. As cousas incluso poden variar bastante. Deixome sorprender e non me importa coller camiños que non están previstos. En cambio, nunha historia real como esta, esa forma de traballar non a podía levar a cabo, porque non me podía desviar do fío argumental. E tiña que estar documentado, ata onde fora posible, de todo o que sucedera. Coñecelos, para seguir a liña argumental das súas vidas. Si, o proceso foi algo diferente nesta novela.

A experiencia mingua a importancia da validación externa á hora de valorar as súas obras?

Ao cabo do tempo se ten unha seguridade que está máis contrastada polos feitos. No momento en que publiquei as miñas primeiras novelas, estaba convencido delas e ao mesmo tempo esperaba que os lectores referendasen esa seguridade. Daquela, ao mellor, a miña seguridade dependía máis dese referendo do público. Hoxe teño certa seguridade en min mesmo. Xa non é tanto unha cuestión de seguridade no que escribo como unha cuestión de ver se esa sensibilidade chega a interesar aos lectores. Hai novelas que era consciente, cando as escribín e publiquei, de que literariamente me gustaban, pero que tamén sabía que non ían chegar a un gran número de lectores. Principalmente polo tema, pola forma de tratalo. E noutras, á vez, si que tiña máis esperanza. De todos modos, eu creo que iso non debe condicionar a seguridade de quen escribe. Se non, é moi fácil que se desanime. Hai novelas que non funcionan no momento. É algo que pasa moitas veces e non por iso quen as escribiu se desanimou, senón que seguiu escribindo e ao longo do tempo atopou aos seus lectores. Cada novela ten que encontrar aos seus lectores. Iso é importante, aínda que moitas veces non dependa de quen a escribe.

Ese xeito distinto de novelar atópase ou é innato, aínda que se descubra co traballo?

Non creo que o estilo naza sen traballo. Creo que nace a base de practicar, de escribir moito, de ser moi esixente cun mesmo. Para min, o que define a un escritor de talento é o nivel de autoesixencia. E nese nivel, nesa procura de atopar a mellor forma de contar unha historia, é onde ao cabo do tempo se atopa ese estilo, esa voz propia. Creo máis en que o estilo se encontra con traballo que en que sexa algo natural.

Con cada novela busca superar á anterior ou é independente dela?

Non sinto a necesidade de que cada novela teña que ser mellor que a anterior. Para min cada novela é un mundo. E cando a escribo trato de expresar iso: ese mundo que está detrás dela. Quero facer ese relato e quero facelo dunha determinada maneira. Dunha que non estea condicionada polas novelas anteriores. Tamén me gusta experimentar, poñerme retos persoais. Non co sentido de superar o traballo anterior, senón polo feito de experimentar fórmulas distintas. Cada novela pide a súa estrutura. Gústame facer cousas diferentes en cada unha delas. Como nesta, a primeira vez que escribo sobre personaxes reais.